

**PROXECTO DE LEI POLA QUE SE REGULA O APROVEITAMENTO EÓLICO EN GALICIA E
SE CREEN O CANON EÓLICO E O FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL**

Observacións da Asociación Forestal de Galicia

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2009

Ante a inminente tramitación no Parlamento de Galicia do Proxecto de lei pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o fondo de compensación ambiental (en adiante o proxecto de lei) a Asociación Forestal de Galicia (en adiante AFG) quere facer as súas observacións xa que os seus membros, propietarios de montes de particulares e comunidades de montes veciñais en man común, son os principais afectados pola implantación dos parques eólicos ao seren os donos dos terreos onde se instalan e aos que o proxecto de lei nomeado non fai referencia en ningún momento.

Primeira.- Compensacións pola instalación de parques eólicos

Coincidimos co texto do proxecto de lei no relativo a que a enerxía eólica, na súa consideración de renovable, é dicir, na súa condición de enerxía procedente dunha fonte inesgotable, e en atención ao seu carácter de limpa, ao non producir efectos contaminantes á atmosfera, é un activo que debe ser impulsado/estimulado desde os poderes públicos. Que isto sexa así non implica que a súa implantación sexa totalmente inócua. En efecto, a instalación de aeroxeradores supón servidumes, cargas inevitables para o entorno, para o medio natural, para a paisaxe e para o hábitat no que se localizan que en parte deviene transformado non só como consecuencia do impacto visual producido pola existencia dos aeroxeradores, tamén como resultado das infraestruturas que eses elementos requiren coma son os camiños de acceso e as liñas de evacuación. E consideramos tamén oportuno que esta alteración ambiental dos perfís dos horizontes, esta deseconomía, debe ser reparada mediante o establecemento dunha compensación.

Por outra parte, no artigo 1 do proxecto de lei inclúese como obxecto do mesmo que o canon eólico e o fondo de compensación ambiental que se pretenden crear son *instrumentos para garantir o equilibrio territorial afectado pola instalación dos parques eólicos e a sustentabilidade dos valores ambientais*. No artigo 23 establécese a creación do Fondo de compensación ambiental *para a aplicación de actuacións globais destinadas á conservación, reposición e restauración do medio ambiente e reequilibrio territorial*.

O que xa non nos parece tan acertado é que se considere o destino do fondo de compensación ambiental *preferentemente a realización de gastos de inversión nos entes locais cuxo término municipal se encontre dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico, e daqueles entes afectados polas correspondentes liñas de evacuación* (artigo 25), sen contemplar en ningún momento a posibilidade de compensar aos propietarios dos terreos onde se instalan os parques eólicos e aos dos terreos lindantes ou próximos aos mesmos.

Solicitude

A AFG solicita que se recoñezan aos propietarios dos terreos onde se instalan os parques eólicos e os dos terreos lindantes ou próximos a eles como beneficiarios das compensacións pola súa instalación coa finalidade de contribuír a unha xestión sostible dos recursos forestais e á mellora medioambiental das áreas afectadas polos parques eólicos.

Fundamento da solicitude

O monte é un espazo transcendental para o benestar da poboación e o desenvolvemento económico de Galicia a pesar de ser tradicionalmente marxinado. A actividade forestal nos montes é fundamental para manter e conservar o noso territorio. Sen embargo é unha actividade pouco lucrativa, na que a xeración de rendas frecuentes é clave para garantir a biodiversidade no noso territorio e a permanencia dos recursos.

O 96% dos montes galegos son de propiedade privada, ben sexan propietarios de montes de particulares ben comunidades de montes veciñais en man común. Non se pode pasar por alto que a superficie de incidencia urbanística estimada polo Plan Sectorial Eólico Modificado de Galicia son 31.500 ha para a instalación de 3.465 Mw, que pertencen a máis de 29.000 propietarios forestais privados e que a xestión destes terreos é afectada e modificada para atender ós requirimentos da industria que acollen.

Con respecto á importancia que o proxecto de lei lle acorda a respectar o artigo 45.2 da Constitución Española *Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva*, temos que sinalar que o monte non debe terse en conta só como un espazo capaz de producir bens directos ou materias primas renovables: madeira, pastos, caza, etc. Tan importante como a súa capacidade produtiva é o seu valor ecolóxico e o seu valor cultural-recreativo-paisaxístico. O monte ten un efecto beneficioso sobre os ciclos da auga, a existencia de flora e fauna (biodiversidade), a absorción de CO₂ (efecto sumidoiro), a protección contra a erosión do solo e a protección contra as inundacións. Pero tamén o monte ben conservado proporciona un ben escaso á sociedade como é a tranquilidade, o desfrute do aire puro, o contacto coa natureza, o pracer de contemplar unha paisaxe, a dispoñibilidade de espazos para practicar deportes ao aire libre, etc.

Tampouco debe esquecerse, especialmente en Galicia, o importantísimo valor do monte como soporte dunha viva cultura tradicional: romarías, curros, muíños, patrimonio arqueolóxico e relixioso, tradicións en torno a elementos xeolóxicos, etc.

Os bens directos dos montes benefician principalmente ós seus propietarios, os valores indirectos benefician ao conxunto da sociedade, por todo isto denominamos a este conxunto de efectos positivos como as “Funcións sociais do bosque”.

Tendo en conta que os primeiros afectados polo establecemento dun parque eólico son os propietarios dos terreos, parece oportuno e sen dúbida xusto que, ademais de compensar aos entes locais polo establecemento dos parques no seu territorio, se teñan

en conta tamén medidas para compensar economicamente ós propietarios dos montes valorando correctamente os bens e servizos que se deixan de percibir ou que se ven prexudicados.

O contido do proxecto de lei incide en amplas áreas do monte galego e por tanto debe analizarse esta incidencia territorial con rigorosidade.

A este respecto a lei debería contemplar os intereses forestais e a interrelación do aproveitamento do recurso eólico coa política forestal galega, articulando o seu contido co Plan Forestal de Galicia aprobado polo Parlamento Galego en 1992 en prol dunha harmoniosa ordenación do territorio.

No caso dos montes veciñais en man común debe considerarse o seu carácter de Utilidade Pública recollido na Lei 13/1989 do 10 de outubro e por conseguinte debe argumentarse ou xustificarse a prevalencia ou non do interese público do recurso enerxético.

No caso de prevalecer o interese do recurso enerxético eólico deben buscarse as localizacións con menor incidencia no aproveitamento forestal, obrigando ós promotores a tomar todas as medidas precisas para que o impacto medio ambiental e socioeconómico sexa mínimo.

Nos casos en que os prexuízos das liñas aéreas de transporte sobre o monte sexan elevados débese obrigar ao promotor ou empresa de distribución ao enterrado da liña.

O proxecto de lei fai referencia ao artigo 45.2 da Constitución Española pero tamén é interesante salientar o 130: *1. Os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equiparar o nivel de vida de todos os españois. 2. Co mesmo fin, dispensarase un tratamento especial ás zonas de montaña.*

Se de verdade se pretende, que a implantación dos parques eólicos contribúa á potenciación das zonas rurais deprimidas e a evitar o despoboamento, favorecendo a xeración de emprego e a mellora da calidade de vida no medio rural, esta pode ser unha boa oportunidade, pero os pasos dados ata agora pola administración non favorecen precisamente este obxectivo,

Os obxectivos citados, só se poden alcanzar se se compensa aos propietarios, cunha porcentaxe xusta e razoable dos beneficios que xera a industria eólica, sendo esta a forma máis directa de reversión dunha parte dos resultados desta industria alí onde máis se necesita, e que á súa vez serviría para dinamizar outros recursos axudando á capitalización e viabilidade das explotacións forestais e agrarias.

Esta participación ten que ser dende logo moi superior á que ata agora se obtivo, adxudicando a práctica totalidade dos parques existentes aproveitándose da falla de información e división dos propietarios, deixados pola administración nunha situación de absoluta indefensión fronte ás empresas concesionarias.

Segunda.- Criterios de valoración das propostas de instalación de parques eólicos

No artigo 33 do proxecto de lei sobre os criterios de valoración dos proxectos presentados polas empresas que concursan ás concesións de parques eólicos non se contempla a incidencia destes no desenvolvemento rural e na xeración de recursos sostibles ós propietarios afectados.

Solicitud

A AFG propón incluír no artigo 33 Criterios de valoración do proxecto da lei, os puntos 2.2 e 2.3 do artigo 9 do Decreto 242/2007:

2.2. Proposta de instrumentos financeiros que canalicen o aforro de particulares, nomeadamente daqueles que estean afectados polos proxectos, cara aos investimentos vinculados aos proxectos propostos.

2.3. Determinación do modo de implicación dos propietarios dos terreos onde se implanta o parque a través de fórmulas que vinculen a produción da instalación eólica coas rendas derivadas das fórmulas de translación ou cesión de uso ou aproveitamento, tales como arrendamentos, censos ou superficie, entre outras, no caso de que o promotor opte por esta forma de disposición das parcelas que precisa.

Fundamento da solicitude

Para o interese xeral dos propietarios dos terreos e bens afectados e para a Comunidade Autónoma de Galicia, o recurso á expropiación dos bens afectados pola instalación dos parques eólicos deberíase facer soamente en casos extraordinarios debidamente xustificadas. **A forma máis axeitada para a cesión do uso do solo é a do arrendamento mediante contrato pactado ou o arrendamento mediante expropiación forzosa.**

Tense estimado que mediante prezos de renda acordados recentemente con importantes promotores e a prezos actualizados para contratos anteriores, a renda total correspondente ao ano 2009 que deberan percibir os propietarios dos terreos pola instalación de 3.145 Mw, a 1 de xaneiro de 2009, é de máis de 14,15 millóns de euros xerando 2,26 millóns de euros en concepto de IVE e a correspondente repercusión no IRPF.

Asemade, desta maneira tamén se asegura a xestión do territorio no caso de que no futuro os parques cesen na súa actividade.

Terceira.- Declaración de utilidade pública

Consideramos que o texto do artigo 43 do proxecto non é correcto. Nel trátase o inicio de trámites expropiatorios sen abordar previamente as posibilidades de acordos coa propiedade que se poden acadar sen necesidade de chegar á expropiación.

Solicitud

A AFG propón engadir ao parágrafo 2º do artigo 43 do proxecto da lei o seguinte texto:

Indicando motivadamente as razóns polas que non foi posible chegar a acordos que evitasen a expropiación.

A Consellería de Economía e Industria deberá abrir un trámite de audiencia co fin de comprobar, examinar e ter en conta de maneira individualiza as razóns polas que, no seu caso non foi posible acadar acordos que eviten a expropiación.

Cando resulte inevitable iniciar os trámites de expropiación, os propietarios dos bens e dereitos afectados poderán optar, para a cesión destes, polo arrendamento mediante expropiación conforme o artigo 1º.1 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954.

Con esta inclusión preténdense evitar os trámites de expropiación sen xustificación.

Fundamento da solicitude

Non existe neste proxecto de lei, nin na Lei de Expropiación Forzosa, ningún trámite ou procedemento que lle permita ás partes manifestar as causas polas que non se chega a acordos, nin que lle permita á administración evitar o trámite de expropiacións inxustificadas. Polo tanto, os promotores eólicos poden utilizar a Lei de Expropiación como medida de presión e legalmente algúns xa teñen esixido trámites de expropiación forzosa, que se iniciaron sen considerar as propostas formuladas polos propietarios dos bens e dereitos afectados, (a inmensa maioría dos desacordos coñecidos debéronse á negativa dalgúns promotores eólicos a abonar una renda pola cesión temporal do uso do solo, intentando impoñer unha compravenda ou a expropiación dos terreos). Nestes casos, o máis frecuente é que os propietarios vendan a baixo prezo as parcelas, xeralmente de escasa superficie, evitando a expropiación polos gastos que supoñen a folla de aprecio, os recursos xudiciais que eles mesmos puideran interpoñer e os recursos xudiciais que os promotores eólicos adoitan presentar ao prezo xusto proposto polo Xurado de Expropiación.

Nestas circunstancias, non se estableceron prezos de mercado homoxéneos para a cesión do uso do solo, producíndose unha situación caótica e nefasta para os propietarios do solo e para a Comunidade Autónoma de Galicia, na que os ingresos monetarios pola cesión dependeron da vontade dos xestores das empresas eólicas.

O primeiro parágrafo proposto (*Indicando motivadamente as razóns polas que non foi posible chegar a acordos que evitasen a expropiación*) xa consta no artigo 18.2 do Decreto 242/2007 do 13 de decembro de 2007, que regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia. Idéntico texto se dispuxo nos decretos reguladores do aproveitamento da enerxía eólica en comunidades autónomas nas que existe gran implantación de parques eólicos como son: Aragón, Decreto 279/1995; Castilla y León, Decreto 189/1997; La Rioja, Decreto 48/1998 e Castilla-La Mancha, Decreto 58/1999.

Suprimir o mencionado texto ocasiona un inaceptable retroceso na capacidade de negociación dos propietarios dos bens afectados, e fai posible a tramitación de expedientes de expropiación inxustificadas.

A Asociación Forestal de Galicia considera que a Consellería de Economía e Industria non debe iniciar trámites de expropiación fundamentados na porcentaxe de acordos alcanzados, pois resulta inxusto para os propietarios que non chegaron a acordos, pero que expresan pretensións máis que razoables. Unha das principais causas de desacordo é a negativa dalgúns promotores eólicos a establecer contratos de arrendamento como se ten documentado en múltiples respostas das empresas promotoras ás alegacións dos propietarios forestais (parque eólico Serra de Meira, DOG 14 de xaneiro de 2004, páxs. 660 e 661; parque eólico Serra da Loba I, DOG do 7 de outubro de 2004, páxs. 13.804 e 13.807; parque eólico Goia-Peñote, DOG do 26 de maio de 2003, páxina 6.780).

Nos casos en que resulte inevitable iniciar trámites de expropiación, a administración expropiante, neste caso a Consellería de Economía e Industria, debe considerar que de conformidade co artigo 1º da Lei de Expropiación Forzosa, a privación da propiedade e dos dereitos afectados non ten que levar consigo necesariamente a alienación destes, senón que tamén pode executarse a expropiación mediante o arrendamento dos bens cuxa ocupación sexa necesaria, superándose así os convencionalismos que recluíron o sistema da expropiación no ámbito tradicional de alienación forzosa de inmobles. Artigo 1º.1 da citada lei: *É obxecto da presente Lei a expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social a que se refire o artigo 32 do foro dos Españois -artigo 33.3 da Constitución Española- na que se entenderá comprendida calquera forma de privación singular da propiedade privada ou de dereitos ou intereses patrimoniais lexítimos, calquera que fosen as persoas ou entidades a que pertencen, acordada imperativamente, xa implique venda, permuta, censo, **arrendamento**, ocupación temporal ou mera cesación do seu exercicio.*

Os parques eólicos caracterízanse pola súa temporalidade debido á duración dos seus compoñentes segundo poñen de manifesto as empresas beneficiarias nos proxectos elaborados para as súas instalacións. Polo tanto, o máis aconsellable é que a privación singular dos bens e dereitos se realice non con carácter definitivo, senón con carácter temporal mediante o arrendamento dos bens e dereitos que fora necesario expropiar.

Ademais, a reforma realizada en materia de dereito de reversión do expropiado, pola Lei 38/1999 de 5 de novembro de Ordenación da Edificación, que exclúe a posibilidade de exercitar o dereito de reversión *cando a afectación ao fin que xustificou a expropiación ou a outro dereito de utilidade pública ou interese social se prolongue durante dez anos desde a terminación da obra*

ou o establecemento do servizo (artigo 54.2.b) da Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954.

De maneira que, se unha vez transcorrido o prazo de dez anos desde o remate das obras ou a posta en marcha do parque eólico, cesase a actividade deste, os propietarios afectados non poderían recuperar as súas propiedades, e con isto estaríase consentindo que as entidades privadas beneficiarias da expropiación se convertesen en titulares de auténticos latifundios, posiblemente abandonados, de carácter forestal ou agrícola.

As empresas concesionarias deberían aportar á propiedade, sexa particular ou veciñal, alternativas á expropiación que poderían ser:

- a. Participación da propiedade no capital social das empresas xestoras dos parques, a fin de que os propietarios poidan beneficiarse do valor engadido da produción de enerxía.
- b. Arrendamentos en función da potencia instalada e dunha porcentaxe sobre a facturación da enerxía producida polos aerogeneradores.
- c. Compensacións valoradas técnica e correctamente, polas servidumes derivadas das instalacións (camiños, peches, liñas de evacuación, etc.).
- d. A administración debe considerar a utilidade pública dos montes veciñais e a súa prevalencia evitando a posibilidade de expropiación das terras para este fin, sen prexuízo das compensacións a que teñan dereito ao igual ca outros tipos de propiedade.

Cuarta.- Afectación dos ingresos xerados polo Canon eólico

O artigo 9 do proxecto de lei contempla como beneficiarios principais do Canon eólico aos municipios afectados pola implantación dos parques eólicos e polas súas instalacións de evacuación e ó conxunto da sociedade *mediante actuacións que, promovidas pola Administración autonómica, se dirixan ao incremento da eficiencia no aproveitamento dos recursos enerxéticos renovables, da sustentabilidade, da biodiversidade e do uso recreativo e educativo dos recursos naturais de Galicia.*

Solicitude

A AFG solicita que se engada un terceiro punto que figure en primeiro lugar onde se recoñezan como beneficiarios principais das actuacións financiadas co Fondo de Compensación aos propietarios dos terreos lindantes e próximos aos parques eólicos (como mínimo aos comprendidos dentro da área de desenvolvemento eólico) e aos residentes no seu contorno inmediato.

Fundamento da solicitude

A lei reguladora do aproveitamento eólico en Galicia debe estar en consonancia coa normativa europea recollida no punto 1.5.2 da Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia: *a referencia comunitaria máis importante ofrécera o Regulamento 3301/86 (...) polo que se establece un programa relativo ao desenvolvemento de determinadas rexións desfavorecidas mediante o aproveitamento do potencial enerxético endógeno.*

Entre os seus considerandos destaca que, entre outras, nalgunhas rexións de España caracterizadas por problemas económicos graves (indubidablemente Galicia ha de considerarse incluída entre elas), "...a explotación dos recursos enerxéticos locais e a utilización racional da enerxía constitúen, sempre que os obxectivos comunitarios en materia de medio ambiente sexan respectados, medios axeitados para contribuír ao desenvolvemento económico das rexións afectadas."

A rendibilidade dos parques eólicos, converten o aproveitamento enerxético do vento no máis apto para a potenciación das zonas economicamente deprimidas nas que xeralmente se instalan.

É preciso que a implantación dos parques eólicos contribúa a evitar o éxodo do campo á cidade e favoreza a xeración de emprego e a mellora da calidade de vida no medio rural.

Parece pois xusto que o fondo de compensación que se crea coa nova lei que se pretende aprobar agora no Parlamento, se oriente tamén a compensar aos propietarios dos terreos afectados pola instalación dos parques eólicos así como ás persoas que viven nos contornos dos parques como axentes máis directamente afectados pola nova actividade industrial.

Quinta.- Prioridades no investimento do Fondo de Compensación

O punto 2 do artigo 25 do proxecto de lei di establece como actuacións preferentes a financiar co Fondo de Compensación:

- a) *Actuacións orientadas á conservación da biodiversidade, o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e a recuperación do medio natural degradado ou contaminado.*
- b) *Actuacións de impulso da eficiencia e utilización sustentable das enerxías renovables.*

Solicitude

A AFG solicita que entre as actuacións de investimento do Fondo de Compensación se inclúan preferentemente: a mellora das infraestruturas forestais dos contornos dos parques eólicos, a construción de infraestruturas de loita contra incendios forestais, o financiamento de traballos silvícolas, melloras na xestión forestal sostible dos montes do contorno dos parques, etc.

Fundamento da solicitude

As áreas de incidencia dos parques eólicos van afectar, en moitos casos, a montes arborizados ou potencialmente reforestables é dicir, afecta **desfavorablemente á actividade económica forestal dado que o arborizado e os parques eólicos non son compatibles, aspecto que debe ser tido en conta no proxecto de lei.**

Especialmente a incidencia dos parques eólicos é elevada sobre o recurso forestal se temos en conta as superficies que ocupan os accesos, gabias, zapatas, plataformas de montaxe edificacións, áreas de protección eólica, e sobre todo as liñas de transporte eléctrico (servidumes).

Todo parque eólico ten que evacuar a enerxía producida e normalmente realízase mediante estruturas lineais artificiais como son os tendidos eléctricos. Estes tendidos producen un impacto paisaxístico, socioeconómico e ambiental moi importante e duradeiro nos montes. Por unha parte as liñas de transporte de enerxía eléctrica impiden o aproveitamento forestal no terreo afectado polo corredor do tendido, por outra desvalorízase o uso recreativo sobre todo na paisaxe e modifica os hábitats forestais.

Unha porcentaxe adecuada dos beneficios xerados pola industria eólica debe pois repercutir na mellora da xestión do nosos montes, incorporando novas rendas aos seus propietarios e contribuíndo ao mantemento e mellora das nosas masas forestais e por ende á mellora e preservación do medio ambiente que o mesmo proxecto de lei recoñece no seu artigo 8 como un *ben protexido*, ao mesmo tempo que se conseguiría *o incremento da sustentabilidade, da biodiversidade dos recursos naturais de Galicia* tal e como se recolle no artigo 9.

Resumo

En resumo, a Asociación Forestal de Galicia solicita que se teñan en conta os seguintes aspectos no Proxecto de lei pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o fondo de compensación ambiental:

- 1º. Que se compense aos propietarios dos terreos forestais onde se instalan os parques eólicos cunha porcentaxe xusta e razoable dos beneficios que xera a industria eólica, sendo esta a forma máis directa de reversión dunha parte dos resultados desta industria alí onde máis se necesita, contribuíndo á mellora ambiental que a lei propugna e que á súa vez serviría para dinamizar outros recursos axudando á capitalización e viabilidade das explotacións forestais e agrarias.
- 2º. Que se amparen os dereitos dos propietarios dos terreos afectados pola implantación dos parques eólicos, evitando abusos por parte das empresas concesionarias e se poñan os medios precisos para facilitar os acordos de arrendamento.

- 3º. Que se inclúan medidas específicas para evitar trámites de expropiación forzosa das propiedades afectadas pola instalación dos parques eólicos.
- 4º. Que se empregue o fondo de compensación que se pretende crear entre os propietarios dos terreos lindeiros e próximos aos parques eólicos e os residentes no seu contorno inmediato.
- 5º. Que se inclúan entre as actuacións preferentes de investimento do Fondo de Compensación Ambiental: a mellora das infraestruturas forestais dos contornos dos parques eólicos, a construción de infraestruturas de loita contra incendios forestais, o financiamento de traballos silvícolas e melloras na xestión forestal sostible dos montes do contorno dos parques.